

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ESTABLECIMENTO DUN MARCO DE ACTUACIÓN CONXUNTA NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN ESPECIAL, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E FORMACIÓN PROFESIONAL A FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE

En Pontevedra, na data da firma electrónica

INTERVEÑEN

Por unha banda,

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia e nos Decretos 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 119/ 2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

E pola outra,

Dona María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta do devandito Organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Don Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra, en exercicio da súa función de fe pública, de acordo co disposto no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Deputación de Pontevedra conta con persoal cualificado, instalacións e recursos materiais para contribuír á formación permanente do profesorado da nosa comunidade educativa no ámbito da cultura emprendedora, así como proporcionarlles materiais para integrar novas actividades na súa programación.
3. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
4. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa "Educación e Formación 2010", se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento.
5. Que no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 11 se fai referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as materias. Asemade, isto establécese no artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Pola súa banda, a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional establece no seu artigo 3 apartado f) o emprendemento como un dos eixos da formación profesional.
6. Que ambas dúas partes comparten o interese en mellorar o desenvolvemento de ferramentas para a aprendizaxe en xeral, así como establecer unha canle de cooperación no marco dos plans de formación do profesorado. Neste sentido, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación de Pontevedra pretenden cooperar para desenvolver e aplicar o programa para o profesorado descrito no punto cuarto.

En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan o presente convenio con base nas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é a colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional.

Esta colaboración xirará en torno á implantación e desenvolvemento do programa "DepoEmprende na Escola, na ESO e na FP", a familiarización e integración dos elementos da xestión empresarial, o deseño das unidades didácticas, cuxa finalidade é a integración metodolóxica e pedagóxica do fomento da cultura emprendedora nas aulas para a mellora das competencias do profesorado na súa utilización.

Segunda. Compromiso das partes.

2.1.- A Deputación de Pontevedra levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Poñer a disposición do profesorado de 5º e 6º de educación primaria dos centros da provincia de Pontevedra participantes no proxecto "DepoEmprende na Escola, ESO e FP", formación e asesoramento de xeito gratuito. Para a formación do profesorado poderanse incluír accións formativas cun total de 25 prazas por edición.
- b) Desenvolvemento dun plan para a xestión do programa que comprenda o seguimento e aprendizaxe, os recursos para os profesores, préstamo do material necesario para o desenvolvemento das unidades didácticas aos centros participantes etc., en cooperación coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2.2.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia incorporará este proxecto de formación ao Plan Eduemprende desenvolvendo as seguintes actuacións:

- a) Convocatoria dos cursos recollidos no Plan Anual de Formación do profesorado, no caso de incluírse dentro do programa.
- b) Colaboración no desenvolvemento do proxecto obxecto deste convenio, na selección de participantes, no seguimento das actuacións e na difusión e transmisión destas a todos os centros educativos de Galicia.
- c) Recoñecemento, certificación e rexistro das accións formativas que, no seu caso, se realicen e que son dirixidas ao profesorado da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades propostas no marco dos proxectos obxecto desta convocatoria a través do Centro de Formación e Recursos de Pontevedra.



- d) Creación dun apartado específico no seguinte enderezo web: www.edu.xunta.es/fp/eduemprende onde se recollerá toda a información xerada neste programa.

Terceira. Publicidade e difusión.

Ambas dúas partes aceptan que cada unha delas sexa libre de facer públicos os termos do presente convenio e a relación entre as partes.

Cuarta. Vixencia do convenio.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de xuño de 2026, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes. A denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio.

No caso de incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polos asinantes, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigas e os compromisos incumpridos. Se transcorrido o prazo dun mes persistise o incumprimento notificarase a resolución do convenio. A resolución do convenio non convela indemnización de ningún tipo.

Quinta. Comisión de seguimento e coordinación

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que terá como funcións a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións derivadas do presente convenio, así como a súa interpretación; en concreto, prestará unha especial atención ao adecuado desenvolvemento das accións que se poñan en marcha como resultado dos acordos alcanzados no seu seo.

Esta comisión estará constituída por:

- Dous/dúas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Dous/dúas representantes da Deputación de Pontevedra.

Esta comisión celebrará as reunións que considere oportunas para promover a realización das actuacións que poidan derivarse do presente convenio e resolver as cuestións que xurdan da súa aplicación.

Sexta. Confidencialidade e protección de datos



As partes que subscriben o presente convenio manifestan o sometemento de calquera actividade de tratamento de datos de carácter persoal que se produza durante o seu desenvolvemento e execución, á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, e de maneira especial, ao disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Esquema Nacional de Seguridade (ENS), regulado polo Real Decreto 311/2022, do 3 de maio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación de Pontevedra son responsables do tratamento dos datos persoais que realicen, en execución do presente convenio, coa finalidade de asinar e levar a efecto o contido do presente convenio.

As partes facilitarán ao alumnado, con carácter previo á realización das actividades formativas, a información sobre o tratamento que se vai a realizar sobre os seus datos persoais, en cumprimento do previsto no artigo 13 de RGPD.

As partes comprométense a manter en segredo todos os datos e informacións facilitados pola outra parte e que sexan concernentes á execución do obxecto do presente convenio. En particular, será considerado como información confidencial todo o saber facer resultante da execución do obxecto do mesmo, debendo as partes manter dita información en reserva e secreto e non revelala de ningún xeito, total ou parcialmente, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do convenio.

Sétima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula el Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Carácter administrativo.

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicándose a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público para resolver as dúbidas e as lagoas que se presenten.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen firman o presente convenio na data da firma electrónica.

